



## Radio Estrada: festival estradense de interpretación. Unha lembranza

Secundino e Manuel Pereira Valcárcel

Era a fin do outono e o inicio do inverno de 1961. A cociña da casa, en Ouzande, convertíase nun camerino para que nós puidésemos vestirtinos e peiteármomos sen aterecer de frío, ao tempo que dabamos o derradeiro ensaio aos poemas que pouco máis tarde iamos recitar. Nosa nai elexía o vestiario –en boa parte feito por ela– e as combinacións que coidaba máis axeitadas para uns nenos de oito e seis anos. Despois tocaba protexerse das inclemencias con algunha roupa sufrida, armarse con paraugas, cunha lanterna tipo *petaca* e camiñar até a igrexa, onde remataba a estrada que hoxe continua á Somoza. Alí agarda Pepe de Souto, un veciño que tiña un coche de punto, un *haiga* que nos fascinaba e que nos levaba de contado ao *Principal*.

Nos boletos das entradas figuraba un espacio para que cada espectador indicase a súa preferencia. Despois da actuación había que depositalos nuns caixóns de madeira dispostos en varias zonas do teatro, era o sistema de votación da época, empregado tamén noutros festivais, mesmo internacionais, e precursor do que hoxe é a votación por SMS. Os espectadores íanse acomodando no patio de butacas e no *galiñeiro*. Nós pasabamos á zona de concursantes para agardar, con nervios e impacientes, o comezo da actuación.



Secundino recitando



Manuel recitando.



Entrega de premios. Poden verse D. Xosé Docampo, primeiro pola esquerda; D. Luís Mazaira, coadxutor, terceiro pola esquerda; Juan Moreno, o locutor; en primeiro termo Secundino e Manuel; das outras tres persoas, dúas, ou incluso as tres, representaban á marca "Centenario Terry".



Diploma concedido aos irmáns Pereira Valcárcel.

Cando a emisora conectaba co Teatro, o pano do escenario aínda estaba cerrado. Nas casas as ondas transmitían o anuncio do comezo: “*Transmite Radio Estrada, emisora parroquial, conectamos con el Teatro Principal para ofrecerles, en directo, la transmisión del Primer Festival Estradense de Interpretación. Organizado por Radio Estrada, patrocinado por Coñac Centenario Terry y presentado por Juan Moreno y Pío Sánchez. Conectamos*”.

Mentres non percorrían as dúas partes do pano, a nosa curiosidade de nenos facía que, amparados no descaro infantil, os separásemos un case nada para conseguir unha pequena fenda, suficiente para axear á xente que agardaba o inicio.

Entre as actuacións, mentres non nos tocaba a nós, compartiamos os recunchos ocultos cos presentadores e coma eramos os máis pequenos sempre andaban a facernos carantoñas e pequenas bromas.

Mais o mellor era cando nos preguntaban: ”¿queréis chocolate?”. Tiñamos que vencer a timidez natural e contravir a norma inculcada de rexeitar inicialmente os agasallos, pero o certo é que sempre aceptabamos a invitación.

Como concursantes participaban nenos e nenas xunto con outros que xa estaban na mocidade e algunha persoa maior. Hoxe sería impensable pero naquela época non era incompatible o patrocinio dun licor cunha participación na que predominaban menores de idade. Había xente que recitaba e xente que cantaba, de “artista invitado” actuaba un *caricato* ou algún mago. Nosoutros recitamos textos de Lope de Vega, Samaniego, Hartzenbusch, José Martí, Villaespesa, Rosalía de Castro e composicións populares ou anónimas. De premio déronnos cadansúa bolsa de caramelos e un diploma —o da fotografía cuarta— que segue con vida despois de corenta e seis anos. As lambetadas sucumbiron aos poucos días.